



[Escoitar.org/Seminario](https://escoitar.org/Seminario)

Hacia unha experiencia acústica do espazo urbán



CONTEXTO

Comprender a cidade contemporánea implica unha percepción da espacialidade que supera o alcance da mirada. A experiencia acústica, a olfativa ou a háptica revélanse como un novo modo de interacción coa contorna urbana cada vez máis decisivo na súa configuración.

Xérase deste xeito unha complexidade que favorece a expansión cara a un urbanismo múltiple só asumible desde a interdisciplinariedade partindo do estudo do feito sonoro e abordando a “construcción sensible do espazo público”.

A capacidade material da arquitectura para producir estes espazos complétase coa intanxibilidade do son para que deveñan en lugares cunha identidade determinada, en ocasións de forma decisiva. O son non só enche o espazo arquitectónico se nón que o dota dunha dinámica temporal/ambiental e a cidade deixa de estar delimitada só por vías, interseccións, edificios e tránsitos para completarse coa presenza sonora.

Según Michel de Certeau a cidade cotiá é un texto escrito por aqueles que a recorren nos seus itinerarios habituais “facendo uso dun espazo que non pode ser visto”. Fuxindo do modelo de cidade-panorama, panóptica e xeométrica surde entón a necesidade de elaborar novas cartografías sensibles que cuestionen o concepto de cidade como espazo unívoco.

OBXETIVOS

O seminario se centrará tanto nos aspectos xerais como concretos da realidade sonora tratada dende unha aproximación multidisciplinar (acústica, antropoloxía, arquitectura, creación contemporánea, historia, musicoloxía, psicoloxía, acústica, xeografía...) analizando de que xeito a experiencia auditiva constrúe a nosa realidade. Será prioritario proporcionar unha aproximación conceptual ó tema e ilustrar a súa aplicación con experiencias e material audio-visual propiciando ferramentas para un análise crítico.

DESENROLO

O seminario dividirase en dúas xornadas (catro sesións de dúas horas cada unha). A parte teórica terá un formato de seminario e abordaranse o son e a escoita na súa relación co espazo/lugar, a paisaxe, a cidade, a memoria... A segunda xornada será un taller práctico no que introducirá ós asistentes ás distintas tecnoloxías de gravación, análise, edición e xeolocalización de audio coas que traballa o colectivo Escoitar.org.

PROGRAMA

1ª SESIÓN TEÓRICA (2 horas)

- *Imaxen e son como produtores de cultura.
- *Mutacións culturais mediadas pola tecnoloxía.
- *Visión fronte a oído. Redes.
 - hexemonía histórica do visual
- *Relacións sociais mediadas polo sonoro.

2ª SESIÓN TEÓRICA (2 horas)

- *Son espazo/lugar/memoria.
- *Tendencias e estratexias na paisaxe sonora.
- *O espazo percorrido.
 - Hacia as novas cartografías sensibles.
- *A auralidade consensuada. Escoitar.org.

3ª SESIÓN PRÁCTICA (2 horas)

- *Introducción ós diferentes sistemas de gravación.
- *Tecnoloxías e Técnicas de gravación, análise e edición de audio.

4ª SESIÓN PRÁCTICA (2 horas)

- *Xeolocalización sonora.

ESCOITAR.ORG

Bios breves (profesores del taller)

Chiu Longina

Antropólogo. Estudios de Musicoloxía. Artista sonoro e creador de espazos acústicos. Membro do equipo de produción das propostas sonoras do Festival de Arte Sonoro IFI de Pontevedra (Fac.Bellas Artes/Pazo da Cultura), membro do colectivo SINSALaudio de Vigo, da Asociación Alg-a e do Centro de Creación Experimental de Cuenca, na Facultade de Belas Artes da Universidad de Castilla La-Mancha. Co-editor dos proxectos en rede Mediateletipos.net e Artesonoro.org. Doctorando en arte e membro do Grupo de Investigación DX7 Tracker, na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Comisario independente.

Juan-Gil López

Musicólogo. Forma parte dos proxectos en rede Mediateletipos.net e Artesonoro.org. Nos últimos anos desenrolou diversas investigacións tanto no campo da etnomusicoloxía (música e etnicidad) como no da música contemporánea, traballando en diversos proxectos de investigación de carácter interdisciplinar (relacións entre música e artes plásticas). Actualmente é Doctorando en arte e música e está realizando a súa Tese sobre "auralidad", paisaxe sonoro e a utilización de sons ambientais na creación sonora contemporánea dentro do Grupo de Investigación DX7 Tracker, na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

En casi dous anos de vida, Escoitar.org ten ofrecido obradoiros en Córdoba (Festival Eutopía06), Zaragoza (Centro Gohan), Pontevedra (Casa das Campás), Madrid (Casa Encendida), Sevilla (Festival Zemos98), Cuenca (Facultad de Bellas Artes), Vigo (MARCO) e Santiago de Compostela (CGAC) e participado en varios eventos de ámbito internacional como o Encuentro Iberoamericano de Paisaje Sonoro (Madrid), as xornadas Vibra de arte sonoro e experimental do Centro de Cultura Contemporánea (Valencia), o Festival de Arte Sonoro Artesons (Lugo), o Festival Sónar (Barcelona), o AVLABdel Medialab Prado (Madrid), o Proyecto Arte e Pensamiento da UNIA (Sevilla), o Congreso de Arte y Tecnología Artech06 (Pontevedra) o Festival Eutopía07(Córdoba), as xornadas de conferencias Paseantes, viaxeiros e paisaxes do CGAC (S. de Compostela), as xornadas de conferencias Artes de mediación. Roles da crítica de arte na era dixital do CGAC (S. de Compostela) ou as Jornadas de Paisajes Sonoros no Museo de arte Precolombino e Indígena (Montevideo, Uruguay). Tamén participou en varias exposicións como Reinicia, na Casa das Campás de Pontevedra, Google Art, or How to Hack Google, no New Museum of Contemporary Art de Nueva York ou Redes Aurales, no Festival Sónar de Barcelona. Ten realizado accións sonoras nalgúns lugares como o CGAC de Santiago de Compostela, o Círculo de Bellas Artes de Madrid, a TV de Galicia, o Festival Zemos98 de Sevilla, etc.

Actualmente traballa en varios proxectos, algúns no ámbito galego, como Fonotopías de Galicia: sons en perigo de extinción, respaldado pola Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural), e outros como Paseos Sonoros con Tecnología Portátil GPS dende o Grupo de Investigación DX7 Tracker da Facultade de Belas Artes (en desenrolo, Universidade de Vigo). Ten coordinado eventos relacionados co estudo do son como as xornadas de conferencias Cartografías da Escoita. Son e Lugar ou o Ciclo de cine Audiovisiones, ambas no CGAC. Tamén ten coordinado dúas publicacións: “Escoitar.org: Audio-HackLAB” (MARCO, Xunta de Galicia) e “Cartografías da Escoita” (CGAC, Xunta de Galicia).

Datas:

Xoves 16.04.2008 / 16:00 a 20.00h

Venres 17.04.2008/9:30 a 13:30

Número de prazas: 20

Destinatarios: estudantes da ETS de Arquitectura da Coruña

Lugar de celebración: Salón de graos da ETSAC, edificio de Departamentos.

Solicitaranse Créditos de Libre Configuración da UDC